

Praza de Armas, s/n – 15402 Ferrol
Tel.: 981 944 000

NOTIFICACIÓN

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 08 de agosto de 2024, adoptouse o seguinte acordo:

“ 26.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE: ASPANEPS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024019734). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación, por ausencia da concelleira delegada de Política Social e Inclusión, por Decreto de Alcaldía do 19/06/2023, que textualmente di:

“ ANTECEDENTES

Primeiro.- A entidade ASPANEPS é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten por finalidade a intervención psicosocial e socioeducativa para conseguir un desenvolvemento saudable dos menores facilitando un apoio socioeducativo a aqueles menores en situación de exclusión social.

Dende esta perspectiva o concello de Ferrol valora moi favorablemente colaborar con dita entidade para o financiamento das tarefas e proxectos desenvolto por esta entidade .

Segundo.- Na XGL do 13/02/2024 aprobouse o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 (BOP núm. 39 do 23 de febreiro de 2024). No anexo I do plan, na Liña estratéxica 2 Política Social e Inclusión ven recollidas as subvencións nominativas para o ano 2024 de xeito conxunto.

Terceiro.- O Concello Pleno en sesión celebrada o 25 de abril de 2024 aprobou definitivamente o Anexo de subvencións nominativas para exercicio económico 2024 (BOP núm. 89 do 8 de maio de 2024).

No orzamento xeral vixente do Concello de Ferrol contén no anexo de subvencións nominativas a seguinte subvención

IMPORTE	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
50.000 €	ASPANEPS	G15036064	Intervención familiar problemas psicosociais

Cuarto.- Con data 4/06/2024 a concelleira delegada de Política Social e Inclusión ordenou incoar a tramitación do expediente da subvención antes referida e dar traslado á entidade interesada para a presentación da documentación acreditativa co obxecto de iniciar a tramitación da dita subvención.

Quinto.- Con data 5 /06/2024a entidade ASPANEPS con NIF G15036064 presentou en forma e prazo a solicitude de formalización do convenio citado coa seguinte documentación:

- 1.- Solicitude da subvención (así como a solicitude de pago adiantado)
- 2.- Anexo I.-Declaración responsable
- 3.-Anexo II.- Outras declaracións
- 4.- Anexo III.- Proxecto
- 5.- Anexo IV.- Orzamento
- 6.- Certificados

Revisada dita documentación cumpre cos requisitos esixidos pola normativa estatal e autonómica relativa ás subvencións, e así consta no expediente.

Ao respecto da tramitación do expediente de subvención, establece o artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol, aprobada en Pleno Municipal en sesión realizada o día 15 de outubro de 2019 e publicada no BOP o día 21 de outubro de 2019, prevé, no seu artigo 20, que poderán concederse de forma directa as subvencións a que se refire o artigo 22.2 a) da LXS, e os convenios serán o instrumento habitual para outorgar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais.

O artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS regula o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos:

“1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vinculados ou dependentes de ambas, será de aplicación ás devanditas subvencións, en defecto de normativa específica que regule a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrència.

3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.

En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo con a asignación orzamentaria.

b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos”

A aprobación do expediente deberá ir precedida do informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipal.

NORMATIVA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña nº 200, de 21/10/2019).
- PLAN ESTRATÉXICO de SUBVENCIÓNS do CONCELLO de FERROL 2024-2026 publicado no B.O.P. da provincia da Coruña nº 39, o 23 de febreiro de 2024
- Instrución 6/2004 do Concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación de data 23 de maio de 2024

COMPETENCIA

As resolucións que se adopten nesta materia son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local e no no acordo da propia Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP nº 241 de 20/12/2023)

Por todo o anterior, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. Conceder á entidade ASPANEPS con NIF G 15036064 (EXP 2024019734) unha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da realización das actividades que constan no proxecto achegado. .

Segundo. Aprobar a sinatura do convenio regulador da subvención, segundo a proposta que figura no expediente, entre o Concello de Ferrol e ASPANEPS para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, co fin de contribuír ao financiamento das actividades citadas no apartado anterior e delegala no concelleiro competente por razón da materia.

Terceiro. Autorizar e dispoñer o gasto a favor da entidade ASPANEPS con NIF G15036064, por importe de cincuenta mil euros (50.000 €), gasto imputable á aplicación 04001-2318-48000, con reserva de crédito nº de operación 224100624 referencia 461 do Orzamento Municipal en vigor, que

se fará efectiva e se xustificará de conformidade co establecido no convenio a subscribir e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Cuarto. No caso de que a entidade teña algún convenio ou subvención de exercicios pechados pendentes de xustificar, o recoñecemento da obriga quedará condicionado ao peche con conformidade das xustificación.

Quinto.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

En Ferrol no día da data da sinatura dixital.

Asina a xefa de Sección de Benestar Social, Igualdade e Xuventude

Conforme, o concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación, por ausencia da concelleira delegada de Política Social e Inclusión, por Decreto de Alcaldía do 19/06/2023

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E ASPANEPS . SUBVENCIÓN NOMINATIVA ORZAMENTO 2024

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Rey Varela con DNI 32674975-W, Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol, con CIF P-1503700 – E.

E de outra, Dona Elena Rodríguez Seoane, con DNI 32711426 K , Presidenta de ASPANEPS (ASOC. PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS) , CIF G15036064.

Da fe do acto dona Paula Vázquez Carrasco, oficial maior deste Concello.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente do Concello de Ferrol e ASPANEPS (ASOC. PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS) no fomento do programa de atención socioeducativa e familiar
ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre o Concello de Ferrol e ASPANEPS (ASOC. PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS) para o financiamento de actividades que fomenten a atención socioeducativa e familiar adaptando o traballo

asistencial coas circunstancias familiar que afectan ao desenvolvemento saudable dos nenos e nenas e mellorar así a calidade de vida dos participantes e das súas familias tal e como se describe na memoria e no calendario de actividades presentados polo beneficiario.

Esta subvención atópase incluída no anexo de subvencións nominativas do Concello de Ferrol ano 2024 aprobado polo Concello Pleno en data 25/04/2024

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considéranse gastos subvencionables os gastos correntes directamente vinculados ao desenvolvemento das actividades programadas e recollidas na memoria que se realicen e paguen no período comprendido entre o 01/01/2024 e o 31/12/2024.

No caso de que o importe dalgún dos gastos subvencionables supere a contía que se estableza na normativa de contratación pública vixente para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dese gasto se acredite que non exista no mercado suficiente número de entidades ou que o gasto se tivese realizado con anterioridade á concesión da subvención.

Só serán subvencionables os gastos correntes que se detallan no orzamento incluído no proxecto admitido polo órgano xestor. Dependendo da natureza do proxecto a desenvolver, estes gastos correntes poderán consistir en:

- a.- Gastos de persoal, que incluírán as retribucións salariais e os gastos de Seguridade Social a cargo do beneficiario.
- b.- Subministracións tales como electricidade, combustibles de calefacción e de vehículos, auga, material funxible de oficina, teléfono, internet, produtos de limpeza e desinfección (por exemplo, xel hidroalcohólico e outros similares)
- c.- Seguros de responsabilidade civil e/ou de accidentes
- d.- Gastos de reparacións, mantemento e conservación dos bens utilizados
- e.- Gastos de adquisición doutros servizos necesarios para o proxecto, por exemplo, servizos de asesoría contable, laboral e/ou administrativa (incluídos os necesarios para a axeitada tramitación da subvención), servizos de publicidade e comunicación, propaganda, reprografía e organización de reunións e eventos.
- g.- Os honorarios de persoas físicas que interveñan como relatoras, conferenciantes, profesores, participantes, árbitros ou monitores nas actuacións do proxecto subvencionado, debendo realizar o beneficiario as retencións de IRPF que, no seu caso, resulten procedentes.
- h.- Os tributos serán gasto subvencionable sempre que o beneficiario os aboase efectivamente. O IVE será subvencionable cando o beneficiario o aboase e non o deducise posteriormente
- i.- Os gastos financeiros derivados da realización de operacións para o pago dos gastos subvencionables, tales como comisións por transferencias, por emisión de cheques nominativos, por adeudos en conta ou similares.
- j.- Os custos indirectos poderán imputarse polo beneficiario na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en

todo caso, na medida en que correspondan ao período de realización do proxecto, tendo como límite máximo o 5% do importe da subvención. Nese caso, na memoria xustificativa deberá explicarse detalladamente o criterio de imputación e o tipo de gasto ao que se refiren

l.- Calquera outro gasto corrente especificado no orzamento que se inclúa no proxecto admitido e aprobado na resolución de concesión -convenio- e aqueles que polas súas características sexan propios da finalidade da subvención (por exemplo, os de tipo deportivo referentes a desprazamento de os equipos para participar en competicións, gastos de mutualidades, federacións, entre outros), sempre que correspondan á execución do proxecto aprobado. A estes efectos, xunto coa conta xustificativa a presentar coa xustificación da subvención, presentárase unha declaración responsable de que os gastos incluídos na relación que se aporte afectáronse exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores de contas bancarias
- Os intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- Os gastos de procedementos xudiciais
- Os gastos realizados fóra do prazo de execución do proxecto nin aqueles gastos que se paguen unha vez finalizado o prazo de xustificación
- Os gastos suntuarios (artigos de luxo) nin os derivados de celebracións gastronómicas ou atencións protocolarias salvo que sexan estritamente necesarios e así se relacionen expresamente no proxecto presentado e aprobado polo Concello.
- Indemnizacións por despedimentos.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

TERCEIRA.- ACHEGA MUNICIPAL

O Concello contribúe ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira cunha achega de 50.000 €.

Tendo en conta a contía da subvención e de conformidade co artigo 34,4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e artigo 31,6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, realizaranse pagos anticipados (entrega de fondos con carácter previo á xustificación), de conformidade co seguinte:

- .- 25.000 euros á sinatura do convenio (50%)
- .- 25.000 euros unha vez que a entidade xustifique o importe total da subvención .

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe concedido, a cantidade que aboará o Concello de Ferrol reducirase proporcionalmente.

Agora ben, se a cantidade correctamente xustificada non acadase o 50% do importe concedido, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á reserva de crédito feita na aplicación orzamentaria 04001-2318-48000 do orzamento 2024.

A axuda concedida polo Concello de Ferrol ten o carácter de máxima e non ampliable, polo que calquera incremento que poidan experimentar os gastos inicialmente previstos correrán por conta do beneficiario deste convenio de xeito exclusivo. O anterior entenderase sen prexuízo de que o beneficiario da subvención poida solicitar a colaboración (valos, locais,) daqueles servizos municipais que sexan imprescindibles para realización da actividade subvencionada sempre e cando a dita colaboración non afecte ao normal funcionamento destes.

A subvención do Concello de Ferrol é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos, públicos ou privados, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o custo total da actividade subvencionada.

No caso de que a concorrencia destas axudas, subvencións ou ingresos afectos supere o importe do custo da actividade, minorarase a aportación municipal no importe excedido.

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

De acordo co artigo 29.1 e 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os beneficiarios poderán subcontratar ata unha porcentaxe do 100%, do importe da actividade subvencionada, nos termos fixados no citado artigo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASPANEPS nin con calquera na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Se o importe dalgunha das prestacións (subministros ou servizos) iguala ou supera a contía que se estableza na normativa de contratación pública vixente para o contrato menor, on carácter previo á contratación, o beneficiario deberá solicitar alomenos 3 orzamentos a distintos provedores, salvo as excepcións previstas no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

Se o beneficiario tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto deste Convenio, deberá observar estrictamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.

Na publicidade que o beneficiario faga sobre as actividades obxecto da subvención (por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, web...), así como no material empregado nas mesmas e adquirido coa subvención, deberá figurar en lugar destacado o logotipo aprobado polo Concello de Ferrol.

No caso de que o beneficiario recibise subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dea ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga co Concello de Ferrol.

SEXTA .- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Se se producise unha alteración significativa das condicións tidas en conta na resolución de concesión e a consecuencia diso non puideran desenvolverse as actuacións da forma prevista nos proxectos aprobados, os beneficiarios deben comunicalo ao Concello, por escrito en canto teñan coñecemento, e sempre antes de que finalice o prazo de execución das actuacións.

O órgano xestor valorará a incidencia desa alteración sobre as condicións que se analizaron ao admitir o proxecto e emitirá un informe-proposta ao órgano competente (Xunta de Goberno Local) para que este adopte o acordo de aceptación ou non da modificación proposta.

Admítirase, sen que sexa precisa solicitude de modificación, a compensación de partidas de gastos con outros de distinta natureza previstos no proxecto aprobado, sempre que as variacións/compensacións totais non superen o 10 % do importe total da subvención.

SETIMA- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

Ao obxecto de que sexa aprobada a conta xustificativa simplificada, o beneficiario deberá presentar con carácter obrigatorio a seguinte documentación:

- Instancia de presentación da xustificación (Anexo I)
- Unha **memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas. (Anexo III)
- Unha **relación clasificada dos gastos** da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago, **sen que sexa preciso presentar os documentos xustificativos (facturas) se ben o órgano xestor poderá requirir, de ser necesario, os documentos xustificativos que estime oportunos. (anexo IV)**
- **Detalle de outros ingresos ou subvencións** que tiveran financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.**(anexo V)**
- Declaración responsable de que os gastos incluídos na relación que se aporta afectáronse exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención e do proxecto executado **(Anexo II)**.
- .-Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas co Seguridade Social e coa Administración tributaria (estatal e autonómica)

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e praxe da presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso de certificación acreditativa da relación clasificada de gastos, ás sinaturas anteriores xuntarase á da tesourería da entidade.

- No caso das declaracións e outra documentación (memoria...), pola presidencia ou persoa na que delegue.

Previa a oportuna xustificación admitirase o pago en efectivo, sempre que a factura ou documento probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa non supere os 150 € (ive engadido) e que o gasto total xustificado en efectivo non supere o 20 % do importe adxudicado. En todo caso o importe total do gasto xustificado en efectivo non poderá superar os 1.000 euros €. En todo caso, xustificarse a elección deste medio de pago.

-Tres orzamentos se o gasto subvencionable supera a contía que se estableza na normativa de contratación pública vixente para o contrato menor, no suposto de prestación de servizos ou na adquisición de equipamento.

-Documentación gráfica acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ferrol establecida na cláusula quinta do Convenio.

-Designación de conta bancaria según as normas establecidas pola Tesouraría municipal.

-No caso de que algunha das actividades que execute a entidade beneficiaria implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditarlo de forma expresa mediante declaración responsable.

OITAVA. PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO.

O prazo de xustificación con carácter xeral será de 1 mes, e comeza unha vez que finalizou o prazo de execución das actividades subvencionadas. Establécese como prazo máximo de xustificación, para o caso de actividades que finalicen no mes de decembro, o 31 de xaneiro do exercicio seguinte

No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Poderase, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin, sen que isto signifique a posibilidade de realizar e ou presentar documentos de gasto e/ou de pago con data posterior á data máxima de xustificación establecida neste Convenio. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo de xustificación establecido no Convenio.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, lle correspondan, previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención adxudicada co límite de 450 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación

Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención adxudicada co límite de 800 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención adxudicada co límite de 900 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

NOVENA . REINTEGRO DAS CANTIDADES CONCEDIDAS.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas neste convenio de colaboración poderá conlevar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos art. 91 e seguintes do RD 887/2006.

DÉCIMA .- CONTROL FINANCIERO.

O control financeiro realizarase pola intervención municipal consonte ao previsto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA PRIMEIRA .- AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS.

O beneficiario obrígase a obter, no suposto de ser necesario e con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias (incluída a municipal) para a realización da actividade obxecto do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA - VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2024

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

O presente Convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

DÉCIMO CUARTA - USO DA LINGUA GALEGA E DUNHA LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA.

As comunicacións co Concello de Ferrol, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínate do xénero feminino.

En proba de conformidade, asinamos este convenio por duplicado exemplar, en Ferrol, o

Polo Concello de Ferrol
O alcalde

pola entidade
A presidenta

A oficial maior

..... “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita. ”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

No Concello de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

A Concelleira Secretaria Accidental da XGL

D^a M.^a del Carmen Pieltain Fernández